

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**10542** *Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

A profunda reforma que supuxo a nova estruturación das ensinanzas e títulos universitarios oficiais concibida pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, foi concretada e levada á práctica por medio do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Esta norma regulamentaria dotou o sistema dos mecanismos necesarios para poder operar a transcendental transformación do sistema universitario español no seu proceso de converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior, cumprindo así cos compromisos adquiridos polo Goberno ao subscribir a Declaración de Boloña e, en particular, co mandato de levar a cabo a adaptación de todas as ensinanzas á nova estrutura no ano 2010.

Así, o primeiro gran reto a que se enfrontaba a universidade española, como é o da completa transformación da súa oferta de ensinanzas para adaptala ás exixencias da nova ordenación, está próximo a ser culminado, pois no curso académico 2010-2011 xa estará xeneralizada a implantación dos novos títulos de grao, máster e doutor, moitos dos cales xa se están impartindo actualmente na práctica totalidade das universidades españolas.

Neste contexto, o procedemento de verificación dos títulos universitarios oficiais configúrase como un dos eixes fundamentais sobre os cales se vertebra a reforma universitaria, polo que a experiencia acumulada na aplicación deste procedemento puxo de manifesto a necesidade de introducir nel determinadas modificacións.

Deste modo, esta norma introduce os axustes necesarios co fin de garantir unha maior fluidez e eficacia nos criterios e procedementos establecidos polo anteriormente citado real decreto que agora se modifica. Así, entre outros aspectos, introdúcense agora novas posibilidades en materia de recoñecemento de créditos por parte das universidades; posibilitase que as universidades completen o deseño dos seus títulos de grao coa introdución de mencións ou itinerarios alusivos a unha concreta intensificación curricular; esténdese a habilitación para emitir o preceptivo informe de avaliación no procedemento de verificación, ademais de á ANACA a outros órganos de avaliación das comunidades autónomas e, finalmente, revísanse os procedementos de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación co fin de dotalos dunha mellor definición.

Este real decreto conta co informe favorable do Consello de Universidades, da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Ministerio de Política Territorial. Durante o proceso de elaboración foron, ademais, consultadas as organizacións profesionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2010,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 4 do artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«As universidades poderán, mediante convenio con outras universidades nacionais ou estranxeiras, organizar ensinanzas conxuntas conducentes á obtención dun único título oficial de graduado ou graduada, máster universitario ou doutor ou doutora. Para tal fin, o plan de estudos deberá ir acompañado do correspondente convenio en que se especificará, polo menos, que universidade será responsable da custodia dos expedientes dos estudantes e da expedición e rexistro do título, así como o procedemento de modificación ou extinción de plans de estudos. No suposto de convenios con universidades estranxeiras, deberase xuntar a este certificación expedida pola autoridade competente ou, de ser o caso, pola entidade acreditadora, do carácter oficial ou acreditado da universidade ou universidades estranxeiras de que se trate. En todo caso, a universidade española custodiará os expedientes dos títulos que expida.

Para os efectos do anterior enténdese por título conxunto o correspondente a un único plan de estudos oficial deseñado por dúas ou máis universidades, españolas ou estranxeiras, que subscribiron o correspondente convenio de colaboración e que presentaron unha única solicitude de verificación, para efectos do procedemento establecido no artigo 25 deste real decreto. Esta solicitude deberá estar subscrita por todas as universidades participantes que, así mesmo, deberán designar a cal delas corresponderá a representación no citado procedemento.»

Dous. Dáselle nova redacción ao artigo 6, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Recoñecemento e transferencia de créditos.*

1. Con obxecto de facer efectiva a mobilidade de estudantes, tanto dentro do territorio nacional como fóra del, as universidades elaborarán e farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos, con suxeición aos criterios xerais que sobre o particular se establecen neste real decreto.

2. Para os efectos previstos neste real decreto, enténdese por recoñecemento a aceptación por unha universidade dos créditos que, obtidos nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou noutra universidade, son computados noutras distintas para efectos da obtención dun título oficial. Así mesmo, poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos cursados noutras ensinanzas superiores oficiais ou en ensinanzas universitarias conducentes á obtención doutros títulos, a que se refire o artigo 34.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

A experiencia laboral e profesional acreditada poderá ser tamén recoñecida en forma de créditos que computarán para efectos da obtención dun título oficial, sempre que esa experiencia estea relacionada coas competencias inherentes a ese título.

En todo caso, non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e máster.

3. O número de créditos que sexan obxecto de recoñecemento a partir de experiencia profesional ou laboral e de ensinanzas universitarias non oficiais non poderá ser superior, no seu conxunto, ao 15 por cento do total de créditos que constitúen o plan de estudos. O recoñecemento destes créditos non incorporará a súa cualificación, polo que non computarán para efectos de baremación do expediente.

4. Non obstante o anterior, os créditos procedentes de títulos propios poderán, excepcionalmente, ser obxecto de recoñecemento nunha porcentaxe superior á sinalada no número anterior ou, de ser o caso, ser obxecto de recoñecementos na súa totalidade sempre que o correspondente título propio se extinguiše e fose substituído por un título oficial.

Para tal efecto, na memoria de verificación do novo plan de estudos proposto e presentado para verificación farase constar tal circunstancia e deberáselle xuntar,

ademais do disposto no anexo I deste real decreto, o deseño curricular relativo ao título propio, en que conste: número de créditos, planificación das ensinanzas, obxectivos, competencias, criterios de avaliación, criterios de cualificación e obtención da nota media do expediente, proxecto final de grao ou de máster, etc., co fin de que a Axencia de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) ou o órgano de avaliación que a lei das comunidades autónomas determine, comprobe que o título que se presenta para verificación garda a suficiente identidade co título propio anterior e se pronuncie en relación co recoñecemento de créditos proposto pola universidade.

5. En todo caso, as universidades deberán incluír e xustificar na memoria dos plans de estudos que presenten para verificación os criterios de recoñecemento de créditos a que se refire este artigo.

6. A transferencia de créditos implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, se incluírán a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conducisen á obtención dun título oficial.

7. Todos os créditos obtidos polo estudante en ensinanzas oficiais cursados en calquera universidade, os transferidos, os recoñecidos e os superados para a obtención do correspondente título serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no suplemento europeo ao título, regulado no Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do suplemento europeo ao título.»

Tres. O punto 3 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«3. O deseño dos títulos de grao poderá incorporar mencións alusivas a itinerarios ou intensificacións curriculares sempre que estas fosen previstas na memoria do plan de estudos para efectos do procedemento de verificación a que se refiren os artigos 24 e 25 deste real decreto.

A denominación dos títulos de graduado será: graduado ou graduada en T, con mención, de ser o caso, en M, pola Universidade U, sendo T o nome específico do título, M o correspondente á mención, e U a denominación da universidade que o expide.

No suplemento europeo ao título, de acordo coas normas que o regulen, farase referencia á rama de coñecemento en que se incardine o título. En todo caso, as administracións públicas velarán por que a denominación do título sexa acorde co seu contido e, de ser o caso, coa normativa específica de aplicación, coherente coa súa disciplina e non conduza a erro sobre o seu nivel ou efectos académicos nin a confusión sobre o seu contido e, de ser o caso, efectos profesionais.»

Catro. Modifícase o punto 3 do artigo 10, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Os títulos oficiais de máster universitario poderán incorporar especialidades na programación das súas ensinanzas que se correspondan co seu ámbito científico, humanístico, tecnolóxico ou profesional, sempre que fosen previstas na memoria do plan de estudos para efectos do procedemento de verificación a que se refiren os artigos 24 e 25 deste real decreto. En todo caso, as administracións públicas velarán por que a denominación do título sexa acorde co seu contido e, de ser o caso, coa normativa específica de aplicación, e non conduza a erro sobre o seu nivel ou efectos académicos nin a confusión sobre o seu contido e, de ser o caso, efectos profesionais.

A denominación destes títulos será máster universitario en T, de ser o caso, na especialidade E, pola Universidade U, sendo T o nome específico do título, E o da especialidade e U a denominación da universidade que o expide.»

Cinco. Modifícanse os puntos 5, 8 e 9 do artigo 12, que quedan redactados do seguinte modo:

«5. O plan de estudos deberá conter un mínimo de 60 créditos de formación básica. Deles, polo menos 36 estarán vinculados a algunhas das materias que figuran no anexo II deste real decreto para a rama de coñecemento a que se pretenda adscribir o título e deberán concretarse en materias cun mínimo de 6 créditos cada unha, que deberán ser ofertadas na primeira metade do plan de estudos.

Os créditos restantes ata 60, do ser o caso, deberán estar configurados por materias básicas da mesma ou doutras ramas de coñecemento das incluídas no anexo II, ou por outras materias sempre que se xustifique o seu carácter básico para a formación inicial do estudante ou o seu carácter transversal.»

«8. De acordo co artigo 46.2.i) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Para os efectos do anterior, o plan de estudos deberá recoller a posibilidade de que os estudantes obteñan un recoñecemento de polo menos 6 créditos sobre o total do dito plan de estudos, pola participación nas mencionadas actividades.»

«9. Cando se trate de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España, o Goberno establecerá as condicións ás cales se deberán adecuar os correspondentes plans de estudos, que ademais se deberán axustar, de ser o caso, á normativa europea aplicable. Estes plans de estudos deberán, en todo caso, deseñarse de forma que permitan obter as competencias necesarias para exercer esa profesión. Para tales efectos a universidade xustificará a adecuación do plan de estudos a esas condicións.

Ata a aprobación da Lei de servizos profesionais, excepcionalmente, e só naqueles supostos en que a normativa comunitaria impoña especiais exixencias de formación, o Goberno poderá establecer as condicións a que se refire o parágrafo anterior, mesmo cando o correspondente título de grao non habilite para o exercicio profesional de que se trate pero constitúa requisito de acceso ao título de máster que, de ser o caso, se determinase como habilitante.»

Seis. Modifícanse as letras a) e c) do artigo 13, que quedan redactadas do seguinte modo.

«a) Sempre que o título a que se pretende acceder pertenza á mesma rama de coñecemento, serán obxecto de recoñecemento ao menos 36 créditos correspondentes a materias de formación básica desa rama.»

«c) O resto dos créditos poderán ser recoñecidos pola universidade tendo en conta a adecuación entre as competencias e coñecementos adquiridos, ben noutras materias ou ensinanzas cursadas polo estudante ou ben asociados a unha experiencia profesional previa e os previstos no plan de estudos ou que teñan carácter transversal.»

Sete. Modifícase o punto 1 do artigo 14, que queda redactado do seguinte modo.

«1. O acceso ás ensinanzas oficiais de grao rexerá de acordo co disposto no Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, modificado polo Real decreto 558/2010, do 7 de maio.»

Oito. Modifícase o punto 2 do artigo 15, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de máster universitario terán entre 60 e 120 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de máster, actividades de avaliación, e outras que resulten necesarias segundo as características propias de cada título.

A universidade propondrá a adscrición do correspondente título de máster universitario a algunha das ramas de coñecemento relacionadas no artigo 12.4.

Esta adscrición será igualmente de aplicación naqueles casos en que o título estea relacionado con máis dunha disciplina e farase respecto da principal.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 16, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para acceder ás ensinanzas oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro Estado integrante do Espazo Europeo de Educación Superior que faculte nel para o acceso a ensinanzas de máster.»

Dez. Modifícase o punto 2 do artigo 17, que queda redactado do seguinte modo.

«2. A universidade incluírá os procedementos e requisitos de admisión no plan de estudos, entre os cales poderán figurar complementos formativos nalgunhas disciplinas, en función da formación previa acreditada polo estudante. Estes complementos formativos poderán formar parte do máster sempre que o número total de créditos que se cursen non supere os 120.

En todo caso, formen ou non parte do máster, os créditos correspondentes aos complementos formativos terán, para os efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de créditos de nivel de máster.»

Once. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 24, que quedan redactados do seguinte modo.

«2. Antes do transcurso de seis anos contados desde a data da súa verificación inicial ou desde a da súa última acreditación, os títulos universitarios oficiais de grao e doutoramento deberán ter renovado a súa acreditación de acordo co procedemento e cos prazos que as comunidades autónomas establezan en relación coas universidades do seu ámbito competencial, no marco do disposto no artigo 27. Así mesmo, os títulos de máster deberán someterse ao indicado procedemento antes do transcurso de catro anos.

3. Para estes efectos, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) e os órganos de avaliación que a Lei das comunidades autónomas determine e que cumpran cos criterios e estándares de calidade establecidos pola Comisión Europea mediante a superación dunha avaliación externa que lles permita ser membros de pleno dereito da Asociación Europea para o Aseguramento da Calidade da Educación Superior (European Association for Quality Assurance in Higher Education) –ENQA– e estar inscritas no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade –EQAR– establecerán conxuntamente os protocolos de avaliación necesarios para a verificación e acreditación de acordo con estándares internacionais de calidade e conforme o disposto neste real decreto.»

Doce. Modifícase o artigo 25, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Procedemento de verificación.*

1. O plan de estudos elaborado pola universidade será enviado para a súa verificación ao Consello de Universidades a través da secretaría do citado órgano, que comprobará se se axusta aos requisitos establecidos neste real decreto, así como ao disposto no anexo I.

En caso de existiren deficiencias, o plan de estudos será devolto á universidade para que esta realice as modificacións oportunas no prazo de 10 días naturais, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



2. Unha vez cumprido o trámite a que se refire o punto anterior, e de conformidade coa normativa vixente, o plan de estudos será enviado á ANACA ou ao correspondente órgano de avaliación, para os efectos de elaboración do informe de avaliación, que terá o carácter preceptivo e determinante a que se refire o artigo 42.5c da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A ANACA ou, de ser o caso, os órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determinen, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 24.3 anterior, avaliarán os plans de estudos, de acordo cos protocolos de verificación a que se refire o artigo 24.3 deste real decreto.

4. A avaliación do plan de estudos realizaraa unha comisión formada por expertos do ámbito académico e profesional. Estes expertos serán avaliadores independentes e de recoñecido prestixio designados en cada caso pola ANACA ou polos respectivos órganos de avaliación.

5. O órgano de avaliación correspondente elaborará unha proposta de informe que se expresará, de forma motivada, en termos favorables ao plan de estudos ou indicando os aspectos que necesariamente deben ser modificados co fin de obter un informe favorable. Este informe será enviado pola ANACA ou polo correspondente órgano de avaliación á universidade para que poida presentar alegacións no prazo de 20 días naturais.

6. Unha vez concluído o prazo e valoradas, de ser o caso, as alegacións, a ANACA ou o órgano de avaliación correspondente elaborará o informe de avaliación, que poderá ser favorable ou desfavorable, e remitirao á universidade solicitante, ao Consello de Universidades e ao Ministerio de Educación.

7. Unha vez recibido polo Consello de Universidades o informe favorable, este comprobará a denominación proposta para o título, a súa coherencia co plan de estudos, así como a adecuación do citado plan ás previsións deste real decreto, e ditará resolución de verificación, que poderá ser positiva, se se cumpren as condicións sinaladas, ou negativa, en caso contrario. Se o informe recibido for desfavorable, o Consello de Universidades ditará resolución negativa.

En ambos os casos a resolución ditarase no prazo de 6 meses desde a data de entrada da solicitude de verificación no Consello de Universidades. A falta de resolución expresa no citado prazo permitirá considerar desestimada a solicitude.

8. O Consello de Universidades comunicará a resolución de verificación ao Ministerio de Educación, á comunidade autónoma ou comunidades autónomas interesadas e á universidade ou universidades propoñentes.

9. Contra a resolución de verificación, a universidade poderá recorrer ante a Presidencia do Consello de Universidades, no prazo dun mes desde a súa notificación. No caso de ser admitida a reclamación, esta será valorada por unha comisión designada para o efecto polo dito órgano e formada por expertos que non interviñesen na avaliación que conduciu á resolución negativa. Esta comisión examinará o expediente relativo á verificación para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a resolución ou, de ser o caso, aceptar a reclamación e remitila á ANACA ou ao correspondente órgano de avaliación, indicando de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados, todo iso nun prazo máximo de tres meses, contado desde a interposición da reclamación.

10. O exame da reclamación basearase exclusivamente na memoria do plan de estudos proposto pola universidade e toda a documentación contida no expediente, polo que non será obxecto de consideración información adicional á achegada durante o proceso de avaliación coa excepción de posibles aclaracións sobre a información inicialmente presentada.

11. AANACA ou o órgano de avaliación correspondente analizará os aspectos sinalados polo Consello de Universidades e remitirá o correspondente informe no prazo máximo dun mes. Recibido o informe, o Consello de Universidades emitirá a resolución definitiva no prazo de dous meses, que esgotará a vía administrativa e

será comunicada á universidade, á correspondente comunidade autónoma e ao Ministerio de Educación. A falta de resolución expresa no citado prazo permitirá considerar desestimada a reclamación.»

Trece. Engádesse un novo punto 3 ao artigo 26 coa seguinte redacción:

«3. Unha vez que o Goberno aprobase o carácter oficial do título, o reitor da universidade ordenará publicar o plan de estudos no “Boletín Oficial del Estado” e no diario oficial da correspondente comunidade autónoma.

Para estes efectos, a publicación deberá recoller os termos expresados no punto 5.1 da memoria contida no anexo I deste real decreto.»

Catorce. Modifícase o artigo 27, que pasa a ter unha nova denominación e queda redactado do seguinte modo.

«Artigo 27. *Seguimento dos títulos inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).*

1. Unha vez iniciada a implantación das ensinanzas correspondentes aos títulos oficiais inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), a ANACA ou os órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determinen, levarán a cabo o seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo Consello de Universidades.

2. Para efectos do establecido no punto anterior, a ANACA e os correspondentes órganos de avaliación, en colaboración co Ministerio de Educación e as correspondentes comunidades autónomas, elaborarán conxuntamente un protocolo que incluíra a definición dun mínimo de criterios e indicadores básicos comúns para o procedemento de seguimento de plans de estudo. Para efectos do establecemento dos criterios e indicadores básicos citados os órganos sinalados impulsarán, con carácter previo, a realización de experiencias piloto sobre plans de estudos que conclúsen o seu segundo ano de implantación.»

Quince. Engádesse un novo artigo 27 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 27 bis. *Renovación da acreditación dos títulos.*

1. A renovación da acreditación dos títulos universitarios oficiais producirase nos termos e prazos previstos no artigo 24.2, cando estes obteñan a correspondente resolución do Consello de Universidades, logo de informe favorable emitido pola ANACA ou os órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determinen.

2. Para tal fin, a universidade efectuará a correspondente solicitude de acordo co procedemento e cos prazos que as comunidades autónomas establezan para os seus respectivos ámbitos competenciais.

3. Unha vez instruído o expediente, o órgano competente da comunidade autónoma remitirá á ANACA ou ao correspondente órgano de avaliación a solicitude de informe co fin de comprobar que o plan de estudos se está levando a cabo de acordo co seu proxecto inicial, mediante unha avaliación que incluíra, en todo caso, unha visita de expertos externos á universidade.

4. O órgano de avaliación correspondente elaborará unha proposta de informe que se expresará, de forma motivada, en termos favorables á renovación da acreditación ou, de ser o caso, indicando os aspectos que necesariamente deben ser modificados co fin de obter un informe favorable. Este informe será enviado pola ANACA ou polo correspondente órgano de avaliación á universidade para que poida presentar alegacións no prazo de 20 días naturais.

5. Unha vez concluído o prazo e valoradas, de ser o caso, as alegacións, a ANACA ou o órgano de avaliación correspondente elaborará o informe de avaliación,

que poderá ser favorable ou desfavorable, e remitirao á universidade solicitante, ao Consello de Universidades ao Ministerio de Educación e á comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes.

6. Recibido o informe, o Consello de Universidades ditará no prazo dun mes e, en todo caso, antes de seis meses desde a solicitude da universidade a que se refire o punto 2, a correspondente resolución que comunicará ao Ministerio de Educación, á comunidade ou comunidades autónomas e á universidade. A falta de resolución expresa no citado prazo permitirá considerar estimada a solicitude.

7. Contra a resolución a que se refire o punto anterior a universidade poderá recorrer ante a presidencia do Consello de Universidades no prazo dun mes, que se tramitará de acordo co procedemento establecido nos puntos 9 e seguintes do artigo 25.

8. Unha vez ditada a resolución, o Ministerio de Educación comunicarlalla ao RUCT que, en caso de ser estimatoria, procederá á inscrición da correspondente renovación da acreditación a que se refire o punto 1. En caso de ser desestimatoria, o título causará baixa no mencionado rexistro e perderá o seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Neste último suposto, a correspondente resolución declarará extinguido o plan de estudos e deberá prever as adecuadas medidas que garantan os dereitos académicos dos estudantes que estean cursando eses estudos.

9. A Conferencia Xeral de Política Universitaria aprobará os criterios de coordinación, cooperación e recoñecemento mutuo para a participación no procedemento a que se refire este artigo.»

Dezaseis. Dáselle nova redacción ao artigo 28 nos seguintes termos:

«Artigo 28. *Modificación dos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais xa verificados.*

1. As modificacións dos plans de estudos a que se refire este real decreto serán aprobadas polas universidades, na forma en que determinen os seus estatutos ou normas de organización e funcionamento e, de ser o caso, as correspondentes normativas autonómicas que deberán preservar a autonomía académica das universidades.

2. No caso de que esas modificacións afecten o contido dos asentos rexistrados relativos a títulos oficiais inscritos no RUCT, estas serán notificadas ao Consello de Universidades a través da secretaría do dito órgano, que as enviará para o seu informe á ANACA ou ao correspondente órgano que efectuase a avaliación no procedemento de verificación a que se refire o artigo 25. Este informe terá o carácter preceptivo e determinante a que se refire o artigo 42.5.c da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No suposto de que tales modificacións non supoñan, a xuízo das comisións a que se refire o artigo 25, un cambio na natureza e nos obxectivos do título inscrito, a ANACA ou o órgano de avaliación correspondente aceptará as modificacións propostas e informará a universidade solicitante, o Ministerio de Educación e a comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes, no prazo de tres meses desde a data de recepción da solicitude de modificación. Transcorrido ese prazo sen pronunciamento expreso, a universidade considerará aceptada a súa proposta.

3. As modificacións aceptadas que afecten o punto 5.1 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais contida no anexo I darán lugar a unha nova publicación do plan de estudos de acordo co establecido no artigo 26.3 deste real decreto.

Así mesmo, no suposto de que as modificacións aceptadas afecten os termos da denominación do título contidos na resolución de verificación deste, o reitor ou



reitores deberán ordenar a publicación de tales modificacións no “Boletín Oficial del Estado” e no boletín oficial da correspondente comunidade autónoma.

4. En caso de que as modificacións non sexan aceptadas ou só o sexan parcialmente, a ANACA ou o órgano de avaliación correspondente remitirá, no prazo máximo de tres meses, o oportuno informe ao Consello de Universidades, que resolverá de acordo co contido dese informe e notificará a correspondente resolución á universidade, á comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes e ao Ministerio de Educación, todo iso no prazo máximo de seis meses desde a data de recepción da solicitude de modificación. A falta de resolución expresa no citado prazo permitirá considerar estimada a solicitude.

Contra esta resolución a universidade poderá interpor a oportuna reclamación, que se levará a cabo polos trámites previstos nos puntos 9 a 11 do artigo 25.

5. O Ministerio de Educación dará traslado ao RUCT de todas as modificacións aceptadas nos plans de estudos de acordo co establecido neste artigo, co fin de proceder á súa correspondente inscrición.»

Dezasete. Engádese un novo punto 3 á disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«3. O título de doutor outorgado polo Instituto Universitario Europeo de Florencia é equivalente para todos os efectos ao título de doutor expedido por unha universidade española de conformidade con este real decreto.»

Dezaioito. Engádese unha disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Verificación de titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus.*

As titulacións conxuntas creadas mediante consorcios internacionais en que participen institucións de educación superior españolas e estranxeiras e que fosen avaliadas e seleccionadas pola Comisión Europea en convocatorias competitivas como programas de excelencia co selo Erasmus Mundus entenderase que contan co informe favorable de verificación a que se refire o artigo 24 deste real decreto.

Para estes efectos, a universidade solicitante enviará ao Ministerio de Educación a proposta do plan de estudos aprobada pola Comisión Europea xunto co convenio correspondente do consorcio e a carta de notificación de que obtivo o selo Erasmus Mundus a que se refire o parágrafo anterior, así como un formulario adaptado que proporcione os datos necesarios para a inscrición do correspondente título no RUCT.

O Ministerio de Educación enviará o expediente ao Consello de Universidades para os efectos de emitir a correspondente resolución de acordo co disposto no artigo 25.»

Dezanove. Engádese unha disposición adicional décimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Información sobre o sistema universitario español.*

A Secretaría Xeral de Universidades, logo de acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, impulsará e coordinará a creación dun sistema integrado e xeral de información en que participarán as universidades e comunidades autónomas. Este sistema permitirá dar cobertura ás necesidades de información do conxunto do sistema universitario español e facilitará á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) e aos órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determinen a información necesaria para levar a cabo os

procedementos relativos ao seguimento e á acreditación dos títulos universitarios oficiais previstos neste real decreto.

Este sistema de información será atendido cos recursos persoais e materiais de que dispón a Secretaría Xeral de Universidades.»

Vinte. Engádesse un inciso final á letra a) da disposición transitoria segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Aos estudantes que iniciasen estudos universitarios oficiais conforme anteriores ordenacións seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas que iniciasen os seus estudos, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste real decreto, ata o 30 de setembro de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas. Malia isto, as universidades, sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, garantirán a organización de polo menos catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á citada data de extinción.»

Vinte e un. Modifícase o anexo I, relativo á Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, que queda redactado nos seguintes termos:

#### «ANEXO I

##### **Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais**

Esta memoria configura o proxecto de título oficial que deben presentar as universidades para a súa correspondente verificación. O proxecto constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas. Na fase de acreditación, a universidade deberá xustificar o axuste da situación do realizado co proposto no proxecto presentado, ou xustificar as causas do desaxuste e as accións realizadas en cada un dos ámbitos.

A formalización da memoria que se xuntará á solicitude de verificación dos títulos materializarase a través do soporte informático desenvolvido para o efecto polo Ministerio de Educación.

Este soporte informático establecerá os mecanismos necesarios co fin de que as universidades teñan que consignar unha soa vez a información relativa a aqueles aspectos que sexan comúns a todos os plans de estudos.

#### 1. *Descrición do título*

##### 1.1 Denominación.

1.2 Universidade solicitante e centro ou centros responsables das ensinanzas conducentes ao título ou, de ser o caso, departamento ou instituto. En caso de títulos conxuntos débense citar todas as universidades, xa sexan españolas ou estranxeiras, que deseñaron conxuntamente o plan de estudos e que o presentan conxuntamente para verificación a través dunha única solicitude. Nestes casos débese achegar o correspondente convenio. Tipo de ensino de que se trata (presencial, semipresencial, a distancia, etc.).

1.3 Número de prazas de novo ingreso ofertadas (estimación para os primeiros catro anos no caso de títulos de grao e para os dous primeiros anos no caso de títulos de máster).

1.4 Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, de ser o caso, normas de permanencia. Os requisitos formulados neste punto débennles permitir aos estudantes cursar estudos a tempo parcial e deben atender a cuestións derivadas da existencia de necesidades educativas especiais.

1.5 Resto de información necesaria para a expedición do suplemento europeo ao título de acordo coa normativa vixente.

## 2. Xustificación

2.1 Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional.

2.2 No caso dos títulos de graduado ou graduada: referentes externos á universidade proponente que avalen a adecuación da proposta a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas. Poden ser:

Libros brancos do Programa de Convergencia Europea da ANACA ([www.ANACA.es](http://www.ANACA.es), sección libros brancos).

Plans de estudos de universidades españolas, universidades europeas e internacionais de calidade ou interese contrastado,

Informes de asociacións ou colexios profesionais, nacionais, europeas, doutros países ou internacionais,

Títulos do catálogo vixentes no momento da entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Outros, coa xustificación da súa calidade ou interese académico.

2.3 Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos. Estes poden ter sido con profesionais, estudantes ou outros colectivos.

## 3. Competencias

3.1 Competencias xerais e específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan exigibles para outorgar o título. As competencias propostas deben ser avaliábeis. Deberanse ter en conta os principios recollidos no artigo 3.5 deste real decreto.

3.2 Garantíranse, como mínimo, as seguintes competencias básicas no caso do grao, e aquelas outras que figuren no Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES:

Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e normalmente se encontra a un nivel que, ben que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo;

Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que normalmente se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo;

Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética;

Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado;

Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

3.3 Garantíranse, como mínimo, as seguintes competencias básicas no caso do máster, e aquelas outras que figuren no Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES:

Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, con frecuencia nun contexto de investigación.

Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo;

Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos;

Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións –e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan– a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades;

Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que deberá ser, en gran medida, autodirixido ou autónomo.

3.4 Garantiranse, como mínimo, as seguintes competencias básicas no caso do doutoramento, e aquelas outras que figuren no Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES:

Que os estudantes demostrasen unha comprensión sistemática dun campo de estudo e o dominio das habilidades e métodos de investigación relacionados con tal campo;

Que os estudantes demostrasen a capacidade de concibir, deseñar, pór en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con seriedade académica;

Que os estudantes realizasen unha contribución a través dunha investigación orixinal que amplíe as fronteiras do coñecemento desenvolvendo un corpus substancial, do que parte mereza a publicación referenciada a nivel nacional ou internacional;

Que os estudantes sexan capaces de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas;

Que os estudantes saiban comunicarse cos seus colegas, coa comunidade académica no seu conxunto e coa sociedade en xeral acerca das súas áreas de coñecemento;

Que se lles supoña capaces de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance tecnolóxico, social ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento.

#### 4. Acceso e admisión de estudantes

4.1 Sistemas accesibles de información previa á matriculación e procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e ás ensinanzas.

4.2 De ser o caso, sempre autorizadas pola Administración competente, indicar as condicións ou probas de acceso especiais. Así mesmo, indicaranse os criterios de admisión ás ensinanzas oficiais de máster así como os complementos formativos que, de ser o caso, estableza a universidade de acordo co previsto no artigo 17 deste real decreto.

4.3 Sistemas accesibles de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados.

4.4 Transferencia e recoñecemento de créditos: sistema proposto pola universidade de acordo cos artigos 6 e 13 deste real decreto.

4.5 Naqueles supostos en que a universidade pretenda ofertar un deseño curricular concreto (curso ponte ou de adaptación) para o acceso ás ensinanzas de grao por parte de titulados da anterior ordenación, deberanse concretar todos os aspectos relativos a tal deseño curricular, así como os relativos aos criterios e condicións de acceso a este.

4.6 Descrición dos complementos formativos necesarios, de ser o caso, para a admisión ao máster, de acordo co previsto no artigo 17.2.

## 5. Planificación das ensinanzas

## 5.1 Estrutura das ensinanzas:

- a) Denominación do módulo ou materia.
- b) Contido en créditos ECTS.
- c) Organización temporal: semestral, trimestral ou semanal, etc.
- d) Carácter obrigatorio ou optativo.

Táboa 1. Resumo das materias que constitúen a proposta nun título de graduado e a súa distribución en créditos

Tipo de materia	Créditos
Formación básica	
Obrigatorias	
Optativas	
Prácticas externas (se se inclúen)	
Traballo de fin de grao	
Total	

Táboa 2. Resumo das materias que constitúen a proposta nun título de máster universitario e a súa distribución en créditos

Tipo de materia	Créditos
Obrigatorias	
Optativas	
Prácticas externas (se se inclúen)	
Traballo de fin de máster	
Total	

5.2 Procedementos para a organización da mobilidade dos estudantes propios e de acollida. Debe incluír o sistema de recoñecemento e acumulación de créditos ECTS.

5.3 Descrición dos módulos ou materias de ensino-aprendizaxe que constitúen a estrutura do plan de estudos, incluíndo as prácticas externas e o traballo de fin de grao ou máster, de acordo coa seguinte táboa:

Táboa 3. Modelo de táboa para cada módulo ou materia do plan de estudos proposto

Denominación do módulo ou materia:	
Competencias que adquire o estudante con ese módulo ou materia.	Definirao a universidade.
Breve descrición dos seus contidos.	Definirao a universidade.
Actividades formativas co seu contido en créditos ECTS, a súa metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a súa relación coas competencias que debe adquirir o estudante.	Definirao a universidade.
Sistema de avaliación da adquisición das competencias e sistema de cualificacións de acordo coa lexislación vixente.	Definirao a universidade.

## 6. Persoal académico

Descrición do profesorado e outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos proposto.



### 7. Recursos materiais e servizos

7.1 Xustificación de que os medios materiais e servizos dispoñibles propios e, de ser o caso, concertados con outras institucións alleas á universidade (espazos, instalacións, laboratorios, equipamento científico, técnico ou artístico, biblioteca e salas de lectura, novas tecnoloxías, etc.), son adecuados para garantir a adquisición de competencias e o desenvolvemento das actividades formativas planificadas, observando os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos.

7.2 No caso de que non se dispoña de todos os recursos materiais e servizos necesarios no momento da proposta do plan de estudos, deberase indicar a previsión de adquisición destes.

### 8. Resultados previstos

8.1 Estimación de valores cuantitativos para os indicadores que se relacionan a continuación e a xustificación de tales estimacións. Non se establece ningún valor de referencia ao se aplicaren estes indicadores a institucións e ensinanzas de diversas características. Na fase de acreditación revisaranse estas estimacións, atendendo ás xustificacións achegadas pola universidade e ás accións derivadas do seu seguimento.

Taxa de graduación: porcentaxe de estudantes que finalizan o ensino no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación coa súa cohorte de entrada.

Taxa de abandono: relación porcentual entre o número total de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese ano académico nin no anterior.

Taxa de eficiencia: relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos en que deberon terse matriculado ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos en que realmente tiveron que se matricular.

8.2 Procedemento xeral da universidade para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes en termos das competencias expresadas no punto 3 deste anexo. Entre eles pódense considerar resultados de probas externas, traballos de fin de grao, traballos de fin de máster, etc.

### 9. Sistema de garantía da calidade

A información contida neste punto pódese referir tanto a un sistema propio para o título como a un sistema xeral da universidade ou do centro responsable das ensinanzas, aplicable ao título.

- a. Responsables do sistema de garantía da calidade do plan de estudos.
- b. Procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado.
- c. Procedementos para garantir a calidade das prácticas externas e dos programas de mobilidade.
- d. Procedementos de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida e, de ser o caso, a súa incidencia na revisión e mellora do título.
- e. Procedemento para a análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) e de atención ás suxestións ou reclamacións e, de ser o caso, a súa incidencia na revisión e mellora do título.
- f. Criterios específicos no caso de extinción do título.

## 10. *Calendario de implantación*

- a. Cronograma de implantación do título.
- b. Procedemento de adaptación, de ser o caso, ao novo plan de estudos por parte dos estudantes procedentes da anterior ordenación universitaria.
- c. Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto.»

### **Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL